



Concello de Pontecesures

EXPEDIENTE N.º 953/2025

ASUNTO: AMPLIACIÓN HORARIOS DE APERTURA E PECHES DOS ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO DO CONCELLO DE PONTECESURES, DURANTE OS DÍAS 4, 5 E 6 DE XULLO DE CELEBRACIÓN DAS FESTAS DO CARMEN 2025.

NOTIFICACIÓN

Pola presente poño no seu coñecemento que a Alcaldía, con data 03.07.2025, ditou a resolución nº 2025-0746, que literalmente di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

A Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. O artigo 4.c) desta norma legal establece que lle corresponde á Consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas determinar o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas. Así mesmo, o artigo 5.f) dispón que corresponde aos Concellos autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, atendendo aos criterios, supostos e circunstancias que, no seu caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17.

Mediante orde da persoa titular da Consellería competente na materia, e previo informe da Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia, determinarase o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e as actividades recreativas.

A orde que determine os horarios de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos ou das actividades recreativas poderá establecer os criterios, supostos e circunstancias que permitan aos Concellos autorizar, de forma motivada, ampliacións ou reducións sobre o horario xeral.

O artigo 9 da Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos





Concello de Pontecesures

públicos e das actividades recreativas, dispón esta posibilidade de que o Concello poda ampliar os horarios nas circunstancias previstas:

“1. Ao amparo do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas do mesmo os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

2. Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

3. A efectos desta orde, entenderase por Entroido o período comprendido entre o Xoves de Entroido e o Mércores de Cinza, ambos os incluídos, por Semana Santa o período comprendido entre o Domingo de Ramos e o Domingo de Resurrección, ambos os incluídos, e por Nadal o período comprendido entre o 22 de decembro e o 6 de xaneiro, ambos os incluídos.

4. En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

5. Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados é espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas”.

Tendo en conta que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello solicitude de ampliación dos horarios e, en aplicación do disposto no artigo 17 da Lei 10/2007 de 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia en relación coa ORDEN de 23 de outubro de 2020 pola que se determina horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, sen prexuízo da aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.





Concello de Pontecesures

Visto o anterior e, de conformidade que outorga a esta Alcaldía o artigo 21.1 da LRBRL, se procede á adopción da seguinte

RESOLUCIÓN,

PRIMEIRO.- Ampliar DÚAS HORAS o horario xeral de peche de cafeterías, bares, salas de festas, discotecas, pubs e cafés espectáculo no Concello de Pontecesures, durante o período de celebración das Festas do Carmen 2025, os días 4, 5 e 6 de xullo de 2025, que lle corresponda a cada establecemento, segundo o título habilitante outorgado para o desenvolvemento de cada actividade e sen prexuízo do cumprimento das normas vixentes en materia de contaminación acústica e dos tempos de desaloxo establecidos no artigo 6 da Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas (DOG nº 219 de 30.10.2020).

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ás persoas interesadas.

TERCEIRO.-Publicar a presente resolución no taboleiro electrónico municipal e na páxina web do Concello de Pontecesures.

CUARTO.- Comunicar a presente resolución ao servizo de vixilancia municipal e á Garda Civil do ámbito territorial competente.

QUINTO.- Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, consonte ao disposto nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no





Concello de Pontecesures

prazo dun mes segundo establece o artigo 124.2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo, consonte ao establecido no artigo 46-1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a Dereito.”

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

